



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2011

Ás 13.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. Premios extraordinarios de Fin de Carreira

Tras a comprobación do quorum legal para a celebración da sesión, o Reitor dá paso ao primeiro punto, que motiva o carácter extraordinario do Consello.

Apróbanse por unanimidade os premios extraordinarios que constan no **anexo II**, lembrando o Sr. Reitor que a súa entrega se realizará no vindeiro Día da Universidade, que terá lugar o 28 de xaneiro.

2. Propostas de programas de doutoramento

O Sr. Reitor cédelle a palabra á Vicerreitora de Investigación, que expón as dúas propostas de programas de doutoramento:

- Sociedade do coñecemento: novas perspectivas en documentación, comunicación e humanidades
- Socioloxía e ciencia política e da administración

Os programas apróbanse por unanimidade dos presentes conforme figuran no **anexo III**.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.45 horas.